Ourense 27-IX-1962 Sr. Dn. Ricardo Carballo Calero
Lugo

Meu querido e lembrado amigo: Non sin tempo e tamén no no. de Fita vai nistas letras noso agradecimento a sua dona e a Vde pola finezas e atencións cas que nos fixeron ledizosas e inesquescentes as horas decorridas con Vdes en Lugo o sábado derradeiro pra nos desmasiado aixiña fuxidas.

Ca chegada do outono sempre os vellos problemas collen novidade e urxenza. Entre ista casa e Trasalba empregamos o tempo. Xa me tarde pórme a un traballo interesante e regoado.

Leopoldo Castro baixo o tídoo xeral de "Tipos populares de Galicia" fai no "El Códeo" - "Heraldo Gallego". Novembre de 1878. Números 50 e 51 - un artigo lixeiro, ameno e vivido, do mociño labrego listo que chamado polo vello crego vai a cidade, o Seminario, con pouco desexo e moito medo. chora no folgo do camiño o descobrírenlle os 20 reás que a nai lle regalo ocultamente na merenda. quérse volver a aldea. sofre cas novatadas dos vellos pro ben logo desperta ledo. fino. un pouco retranqueiro, a vida da cidade onde na pousada por catro reás dánlle o caldiño. compóñenlle o touciño e outros tasados compangos que lle mandan da casa. estuda sóio o preciso pra saír do paso. comenza a esmaltar de latín de "mocosonas" suas palras, e ben acollido das mimosas costureiriñas e ainda das señoritas so-

mánticas da crare meia, gosto do cigarro pro as mais das veces con-
tentare co "tabaco de silveira", de follas de zarza collidas nas corredoiras
onde no pareo repasa as lencións. Pro chegando a primeira ordenación xa
o estudante adequire outra seriedade e decátare, sacerdote. U-
hai zombe volteriau, dois algunha burla no xeito de saudalo
na allea as boas moras, e algunha comparanza de seminaristas e
poliños de presbíteros. Nomea as cinco cidades escolásticas da Galiza,
pro, quezais se refira a Ourense. Teño de mirar con sosego a colec-
ción do "Heraldo". Do mesmo Leopoldo Castro e no mesmo ano hai
unha crítica, moi calumora e "académica" do drama "El manojo
de espigas" de Alvarez Gimenez. Mañán vou a Vigo por dous ou tres días.
Mais adiante farei as esculcas posibles sobre quen teña sido D. Leopoldo
Castro. E por hoxe rén mais deresxantelle ditosa inauguranza dos estudos
con memorias pra a dona — b.s.p. — e xentis fillas e de Tita pra todos Vdes
cun abrazo do vello amigo e admirador

Ramón Otero Pedrayo

AC
112 1167